


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

9-10 de agosto do 2025

XIX SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ *Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Diciános Xesús no evanxeo da semana pasada “os bens non o son todo”, e hoxe móstranos como temos que estar atentos e vixiantes na nosa vida para poder seguir o seu camiño.

Vivir é moito máis que deixar que os días pasen, vivir non se reduce a estar sentados, acomodados e de brazos cruzados, vivir non é virar a cara e mirar para outro lado.

Se somos cristiáns de verdade, a nosa vida ten que ser vixiante, ten que ser activa. Hai no noso tempo moitas necesidades, moitos irmáns que precisan unha voz, moitas miserias que teñen que ser arranxadas. Os cristiáns, como Xesús, temos que dar voz e poñer empeño por mellorar a vida.

Esteamos vixiantes e atentos para poder ser as testemuñas de Xesús ante o mundo de hoxe tan necesitado de palabras de vida e amor.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *O noso afán por vivir na comodidade fai que non sexamos capaces de botar unha man cando é preciso, por iso hoxe queremos pedir perdón e comprometermos para facer mellor as cousas:*

Monitor/a

- ✓ Comprometémonos a deixar a comodidade para vivir atentos á voz de Deus sabendo que nos quere dando unha man para mellorar o mundo?.

SI, COMPROMETÉMONOS

- ✓ Comprometémonos a vivir atentos á voz do mundo de hoxe, para testemuñar os moitos e bos valores que aniñan nel, como por exemplo a igualdade?.

SI, COMPROMETÉMONOS

- ✓ Comprometémonos a estar atentos á voz dos pobres e marxinados do noso tempo, para que ningún se sinta deixado de lado e abandonado?.

SI, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón, e das persoas que está esperando que alguén lles dea unha man. A todos nos concede o Señor o perdón dos pecados, e a todos, por Cristo, confiamos que nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus o que nos preocupa de verdade. Rezamos coas familias de Palestina ás que non se lle deixa ter o suficiente para comer. Rezamos tamén coa natureza avergonzados polo maltrato continuado ao que a estamos a someter.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus de misericordia, o teu Espírito danos a confianza de te chamarmos Noso Pai.

Fai medrar nos nosos corazóns o sentimento de fillos e fillas, para que poidamos acadar a herdanza dos teus bens.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A carta aos hebreos fálanos da fe, e pon de exemplo a Abraham. El fiouse de Deus e con el vai nacer o pobo ao que chegará Xesús.*

No evanxeo Xesús convídanos a estar atentos e vixiantes porque hai cousas a mellorar, e non podemos acomodarnos e contentarnos co que hai.

LECTURA DA CARTA AOS HEBREOS

Irmáns e irmás:

A fe é un anticipo do que se espera, é unha proba convincente das cousas que non se ven. Pois por mor dela Deus testemuñou a favor dos nosos devanceiros.

Deus chamou por Abraham, e este, movido pola fe, obedeceuno, saíndo para un lugar que había de recibir en posesión, aínda que saíu sen saber onde ía. Movido pola fe, emigrou á terra prometida, como se fose terra allea, habitando en tendas de campaña con Isaac e Xacob, herdeiros da mesma promesa. A verdade é que agardaba aquela cidade con bos cimentos, da que o arquitecto e construtor é Deus.

Pola fe e por considerar merecente de fe ao que lle prometera descendencia, el, aínda que estaba fóra da idade axeitada e aínda que a mesma Sara era estéril, recibiu poder para fundar descendencia. Deste xeito dun só e xa caduco para estas cousas naceu un mundo de fillos, coma as estrelas do ceo e coma a area incontable da beira do mar.

Palabra do Señor

🎵 **Escoita ao Señor** SALMO

(en pé) Lec I C páx 234 Lc 12, 35-40 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela díxolle Xesús aos seus discípulos:

- Tede posta a roupa de traballo e as lámpadas acesas; sédeme coma os que agardan que volva o seu amo da voda, para que, cando chegue e chame, lle poidan abrir. Ditosos os criados a quen o amo atope agardando cando chega. Tede por certo que poñerá a roupa de traballo, sentaraos na mesa e serviraos un por un. Sexa pola anoitecida ou sexa pola alborada, se os atopa así, felices eles.

Entendede ben: se o dono da casa soubese a que hora vai chegar o ladrón, non permitiría que lle asaltasen a casa.

Así tamén: estade vós preparados, porque á hora menos pensada ha vir o Fillo do Home.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Estar atentos e vixiantes é a proposta de Xesús.

Para quen e para que?.

- * Atentos para que os nosos fogares e familias sexan escolas de trato amistoso con Deus
- * Atentos para que as aldeas sigan amosando que vivir en lugares pequenos non é unha merma
- * Atentos para que a natureza poida sobrevivir a pesares da contaminación, dos abusos dos eólicos, dos lumes tan mal intencionados
- * Atentos para que os nosos maiores se sintan respectados e valorados aínda que xa estean na etapa final da súa vida
- * Atentos para sementar paz alí onde a ruindade é capaz de deixar morrer de fame ao pobo palestino
- * Atentos para ser cribles, non coas rutinas senón con unha fe adulta e de bo exemplo

Vale a pena esta proposta de Xesús de estar vixiantes e atentos.



PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Proclamar agora a fe é manifestar que damos credibilidade á Palabra de Deus que acabamos de escoitar e que a imos a poñer en práctica*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus Pai,
que nos ofrece o tempo e a historia,
para facer mellor as cousas e acadar a salvación?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús Cristo,
que se achega a todos nós
e nos agarima coas súas mans salvadoras?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,
que nos alenta na responsabilidade de ser profetas
de boas novas e mellores tempos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na Igrexa,
comunidade atenta e vixiante
que co facho da luz da PAZ
serve de faro nas escuridades da vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Celebrante: *A pregaria é expresión de que necesitamos a axuda de Deus, aquel que sempre está atento a nós agarimándonos nas súas mans. Digámoslle:*

Señor, axúdanos a facelo mellor

Monitor/a:

- ✓ Pedimos por todos nós que nos reunimos para celebrar a fe en comunidade, para que sexamos signo dunha igrexa sempre atenta e vixiante, sempre viva fuxindo das rutinas. Oremos
- ✓ Pedimos polas nosas comunidades parroquiais de Os Cotos, para que sintamos a responsabilidade de sermos un bo exemplo que alumee o camiño. Oremos
- ✓ Pedimos polos homes, mulleres, nenos e nenas de Palestina que sofren as consecuencias da ruindade de quen non deixa que lle cheguen alimentos. Oremos
- ✓ Pedimos pola xente nova para que coa forza da súa vida sexan esperanza para unha igrexa e unha humanidade mellor. Oremos
- ✓ Doéndonos coa natureza, pedimos por todas as persoas que sofren as consecuencias duns lumes tan mal intencionados, e que non podemos entender. Oremos

Celebrante: *Señor, nestas pregarias poñemos corazón. Axúdanos a ser comunidade responsable e atenta á vida. Por Cristo, Noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Facemos nosa a oración que Xesús nos ensinou comprometéndonos a estar vixiantes e atentos para mellorar coa nosa a vida dos demais. Só así valen a pena estas palabras aprendidas de Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Somos vixiantes que queremos a paz, e coas nosas mans abertas uns para os outros expresamos o noso compromiso de compartir amizades, parroquia, fogar. Abrimos a man porque cremos que podemos compartir mellor. Facémolo escandalizados e avergonzados co maltrato que se vive en Palestina e doídos cos lumes tan mal intencionados. As nosas mans queremos que sexan para PAZ.*

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa da fe é a expresión do Deus que nos dá o pan de cada día, que del só esperamos fartura e Salvación. O pan é vida cando se come, pero é vida sen fin cando se comparte. Ditosos nós convidados a esta vida e a este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 O pouco que Deus nos dá

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, que a fe que temos compartido,
nos apronte para permanecermos
sempre atentos e vixiantes á túa luz,
presente na túa Palabra, na natureza,
na vida de cada muller e home.

Por Cristo, noso Señor. Amén

Xesús anímanos a estar atentos e vixiantes ás necesidades de todas as persoas.

Coñecemos as preocupación e necesidades dos nosos veciños? Estamos dispostos a botar unha man?

Ser cristián é tratar de facer e vivir coma Xesús: atento ás necesidades dos que viven no noso tempo.



“Estade vós preparados, estade atentos”

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe

Avísase das misas (ver folla do mes)

Recordamos o encontro do venres día 15 de agosto, no merendeiro de San Antonio, en Verducido, no mesmo lugar do ano pasado. Reunímonos as dez parroquias para celebrar a eucaristía ás 12'30 e deseguido compartirmos o xantar que cada quen leve. É a nosa XV FESTA DE OS COTOS.

***Que teñamos un bo día, unha boa semana e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus***